



DECLARACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO EN MATERIA ANTIFRAUDE

POLÍTICA DE LOITA CONTRA A FRAUDE

O Organismo Intermedio (OI) Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do Programa Operativo FEMP Galicia 2014-2020, é unha unidade integrada na Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Este Organismo Intermedio asume como un dos principais obxectivos cara ao período 2014-2020 loitar contra a fraude. Así mesmo, quere manifestar o compromiso de actuar en demostración da ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos a disposición da Comunidade Autónoma.

Un dos principais obxectivos para o devandito período é reforzar, dentro do ámbito das súas competencias, a política antifraude no desenvolvemento das súas funcións. Por iso, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e a corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros do seu equipo directivo asumen e comparten este compromiso.

Doutra banda, os empregados públicos que integran o OI teñen, entre outros deberes, "actuar conforme aos principios de legalidade, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes." (Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigo 73).

O obxectivo das actuacións que se enmarcan dentro da política antifraude é desincentivar toda actividade fraudulenta, promovendo a súa prevención e detección mediante procedementos





efectivos. Así, entre outras medidas, o OI dispón dun procedemento para declarar as situacións de conflito de intereses.

O termo «fraude» utilízase para describir unha gran variedade de comportamentos faltos de ética, como o roubo, a corrupción, o desfalco, o suborno, a falsificación, a representación errónea, a colusión, o branqueo de capitais e a ocultación de feitos. Con frecuencia implica o uso do engano co fin de conseguir ganancias persoais para unha persoa vinculada a un organismo público ou para un terceiro, ou ben perdas para outra persoa (a intención é o elemento fundamental que diferencia á fraude da irregularidade). A fraude non só implica posibles consecuencias financeiras, senón que ademais prexudica a reputación do organismo responsable da xestión eficaz e eficiente dos fondos. Isto ten especial importancia para os organismos públicos responsables da xestión dos fondos da UE. A corrupción é o abuso de poder para obter ganancias persoais. Existe un conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións dunha persoa vese comprometido por motivos relacionados coa súa familia, a súa vida sentimental, as súas afinidades políticas ou nacionais, os seus intereses económicos ou calquera outro tipo de interese compartido con, por exemplo, un solicitante de fondos da UE.

As funcións da Autoridade de Xestión no ámbito das medidas antifraude son asumidas por este OI, baixo a coordinación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que conta a estes efectos con medios para a avaliación de riscos, a revisión e actualización periódica da política antifraude, así como o seguimento dos resultados. Tamén conta coa colaboración dos diferentes responsables e xestores de procesos para asegurar que existe un adecuado sistema de control interno dentro das súas respectivas áreas de responsabilidade e garantir, no seu caso, a debida dilixencia na implementación de medidas correctoras.

Como ferramenta de apoio, o OI dispón dun sistema informático que rexistra e almacena a información precisa de cada operación, así como todas as verificacións e controis realizados, para garantir a fiabilidade e regularidade do gasto.

O OI puxo énfase e dedicado esforzos en orientar a súa actuación á loita contra a fraude, baseándose na experiencia de períodos anteriores coa finalidade de implementar novas medidas para a erradicación ou, no seu caso, a detección efectiva da fraude.





O OI aposta por medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude, baseadas na experiencia de períodos anteriores e na avaliación do risco de fraude no marco do presente programa. Adicionalmente, conta con recursos para denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que puidesen detectarse. Todos os informes trataranse na máis estrita confidencialidade e de acordo coas normas que regulan esta materia.

En definitiva, o OI dispón como principio reitor da súa actuación a tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e ideou un sistema de control robusto, deseñado especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corraxir o seu impacto, en caso de producirse.

Esta política e todos os procedementos e estratexias pertinentes contan co apoio do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, creado por Real Decreto 802/2014, do 19 de setembro (BOE de 26), co que se actuará de forma coordinada e continua.

Santiago, 1 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo